



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfn: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA CONTRATACIÓN DE ARRENDAMENTO DE PARCELA PARA APARCAMENTO MUNICIPAL EN A FONSGRADA

CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE PARCELA PARA APARCAMENTO MUNICIPAL EN A FONSGRADA

1º. OBXECTO

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto regular e definir as características técnicas que debe reunir a parcela ou conxunto de parcelas lindeiras entre si que se dedicarán a aparcamento no Concello de A Fonsagrada.

2º.- CARACTERÍSTICAS

- Deberá estar situada en solo urbano, a unha distancia máxima de 100 m medidos dende o perímetro do edificio da casa consistorial, sita na Praza do Concello, s/n, de A Fonsagrada, na provincia de Lugo.
- Deberá ter saída, polo menos, a dúas rúas.
- O terreo, ou conxunto de terreos lindeiros entre si, deberá ter unhas dimensións de entre 500 e 700 metros cadrados.
- O uso o que se vai destinar será o de aparcamento, servizos ou usos dotacionais.

3º.- CONDICIÓNS DO CONTRATO

- A duración do contrato será de catro anos, a partir do día seguinte á data de formalización do contrato
- O contrato será prorrogable tacitamente de xeito bianual, salvo denuncia expresa en contra por calquera das partes con catro meses de antelación á data de terminación do contrato, ou de calquera das súas prórrogas.
- O pago do importe do presente arrendamento efectuarase a ano vencido.

4º.- OBRIGACIÓNS DO ARRENDADOR:

- O arrendador soportará tódalas obras necesarias para a posta en uso do terreo.
- Poñer a disposición do arrendatario o terreo, ou conxunto de terreos, totalmente libres de cargas.

5º.- OBRIGACIÓNS DO ARRENDATARIO:

- Serán de conta do arrendatario todos os gastos de posta en funcionamento ou uso do terreo.
- Durante os catro primeiros anos, non será de aplicación a suba do IPC. Será unha vez cumprido o cuarto ano cando se fará efectiva dita suba anualmente.

A Fonsagrada, 6 de febreiro de 2019



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfn: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

O Alcalde

Argelio Fernández Queipo